



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/19	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de maio de 2018
Duración	Desde as 19:13 ata as 19:46 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELO VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 7 de maio de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 7 de maio de 2018.

Expediente 2245/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito de L. A. B. M., no que solicita a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 785.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido en data 07.05.2018 pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o interesado está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do interesado se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

Expediente 2223/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito de M. R. M. M., no que solicita a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 772 que ten instalado no lugar de Baixada ao Peirao, nº 23-Aldán, así como, o pintado dunha liña lonxitudinal continua na entrada de asfalto. A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido en data 04.05.2018 pola Policía Local, acorda autorizar o solicitado.

Concello de Cangas



Expediente 2222/2018. Solicitud de sinalización	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Visto o escrito de B. C. M., no que solicita a instalación dun espello no cruce da Rosada, á altura da súa vivenda sita no número 19. A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido en data 04.05.2018, acorda autorizar a instalación de espello a cargo do interesado á altura da vivenda nº 19 do cruce da Rosada en Coiro.</p>	

Expediente 2314/2018. Solicitud de sinalización	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Examinado o escrito presentado pola Asociación de Veciños do Igrexario do Hío "A Fontenova", no que solicita un sinal de rúa cortada na estrada de Castiñeira.</p> <p>Visto así mesmo, o indicado no informe emitido en data 09.05.2018 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:</p> <p><i>"Non existe inconveniente en autorizar a colocación do sinal de estrada sen saída a carón da vivenda nº 32, iría colocada na parte traseira do cerramento da citada vivenda".</i></p> <p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente emitido pola Policía Local.</p>	

Expediente 2214/2018. Solicitud de sinalización	
Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación
<p>Vista a instancia presentada por A. C. L., na que solicita un sinal de pasaxe permanente para a súa instalación no lugar de Camiño Vello de San Roque, nº 30. A Xunta de Goberno Local, acorda deixar esta solicitude sobre a mesa pendente da emisión do correspondente informe por parte da pola Policía Local.</p>	

Expediente 199/2018. Licenza urbanística	
Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación
<p>Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.</p>	

Expediente 7738/2017. Licenza urbanística	
Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación



Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 1112/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1112/18.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 19.883.- LICENZA Nº 19.61.-
Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN A M. E. V. C., con enderezo na Avda. José Graña, nº 50-Espiñeira-Aldán, para unha vivenda unifamiliar, sito no referido lugar construída ao abeiro da licenza municipal nº 19.616 e tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 6 de marzo de 2018 e informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 10 de maio de 2018.

Expediente 1515/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1515/18.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 21.948.- LICENZA Nº 22.836.-
Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN A A. A. G. P. E N. P. F., con enderezo en Baixada á praia de Nerga, nº 68-O Hío, para unha vivenda unifamiliar sita en Lapiña-Nerga-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22. e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 3 de abril de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 8 de maio de 2018.

Así mesmo apróbbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 1001/2018. Licenza de primeira ocupación

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1001/18.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 21.196.- LICENZA Nº 20.669.-
Denegar a licenza de primeira ocupación tramitado a instancia de J. C. V. P., con enderezo en San Cibrán, nº 9-Aldán para vivenda sita no referido lugar, por non ceder e urbanizar o sistema viario, segundo o informe do arquitecto municipal de data 26 de abril de 2018.

Expediente 164/2018. Certificación acto presunto de licenza de primeira ocupación

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acordou deixar pendente



de aprobación este punto da orde do día, pendente de mellor estudo.

Indicencias: na votación deste punto a concelleira, D^a Tania Castro Paredes fixo constar o seu voto favorable.

Expediente 1971/2018. Licenza de parcelación

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE N^o 1971/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de agrupación e posterior parcelación urbanística que promove A. I. R., consistente en agrupar tres predios iniciais de 680,95 m²., en catro parcelas resultantes. Os predios iniciais sitos na Retirosa-Coiro, parcelaranse de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico S. G. F., de data abril de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 400,00 m².; parcela 2 de 202,91 m².; parcela 3 (C1) de 21,60 m².; e parcela 4 (C2) de 56,44 m²., cada unha destinadas a ampliación do vieiro municipal.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará á obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitos fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 78,40 m². De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.

Expediente 264/2018. Licenza de parcelación

Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
---------------------	---

EXPEDIENTE N^o 264/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove A. P. S. e outros, consistente en parcelar un predio inicial de 3.020,00 m²., sito na Serra de Nacente-Darbo e parte das parcelas... en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola enxeñeira de montes R. C. R. de data novembro de 2017.

Vistos os informes técnicos emitidos, polo arquitecto municipal de data 19 de xaneiro de 2018, favorablemente e da xefa de urbanismo de data 13 de marzo do presente ano, desfavorablemente.

A Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar, de conformidade co informe xurídico emitido en data 13.03.2018, a parcelación solicitada por A. P. S. E OUTROS, para parcelar un predio inicial de 3020,00 m²., sito na Serra de Nacente-Darbo e que se corresponde coa parcela e parte das parcelas.... en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado pola enxeñeira de montes R. C. R. de data novembro de 2017.



Concello de Cangas

Expediente 2130/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2130/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. N. F., para substitución de instalación eléctrica de vivenda sita en rúa Santa Pola, nº 15-17-1º-Balea-Darbo e substitución da porta principal, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Expediente 2184/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2184/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. I., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Buenos Aires, nº 8-Cangas, para realizar un cerramento de bloque a lindeiro de 5,00 ml., en parcela sita en rúa Vázquez Pintor, nº 4-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto R. O. S. de data abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a cincocentos euros (500,00 €).

Expediente 2180/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2180/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. L. F. S., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Baixada á Praia de Mendiña, nº 34-Cangas, para pintado exterior de vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico J.P. Y. de data abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil seiscentos dez euros con oitenta e oito céntimos (1.610,88 €).

Expediente 1812/2018. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval por importe de dous mil cincocentos oitenta e seis euros con setenta e oito céntimos (2.586,78 €), depositado por J. R. V. C. na adxudicación do contrato do servizo de asesoría xurídica e defensa en xuízo.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 2967/2017. Prestación do servizo de axuda no fogar

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a J.F.R., con expediente nº 36008/02/001300–36512 a ampliación do servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal.* Atencións de carácter psicosocial.* Atencións de carácter doméstico. <p><u>Custo total do servizo:</u> oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos 12,11€/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> douscentos setenta e sete euros con corenta céntimos (277,40 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 70 horas.</p> <p><u>Data de efectos de ampliación no SAF:</u> a partir do 15 de maio de 2018.</p>	

Expediente 2311/2018. Prestación do servizo de xantar na casa	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución do director do Centro Municipal de Benestar Social, referente a solicitude do programa de xantar na casa, que di:</p> <p><i>"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN</i></p> <p><i>E. G. G. en calidade de director do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas.</i></p> <p><i>Con relación na solicitude do programa de xantar na casa presentada por C.G.M., examinado o informe da traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos deste concello, proponse a seguinte resolución:</i></p> <p><i>* Concesión do programa cun custo por menú de un euro con sesenta e sete céntimos (1,67 €)".</i></p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 2838/2017. C-15/08.- Proposta de aprobación 2ª prórroga contrato do servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0	
	A favor	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS
	En contra	---
	Abstencións	MARIANO ABALO COSTA
	Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 04.05.2018 da concelleira de medio ambiente e turismo, referente á aprobación da 2ª prórroga do contrato do servizo de balizamento nas praias de Cangas, que é como segue:

"Visto o contrato asinado o día 10.06.2015 coa empresa 'SERVISUB BUEU SL', para a prestación do servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas, cuxa duración inicial era de 2 anos, sendo susceptible de dúas prórrogas de carácter anual. Sendo este un servizo necesario para garantir a seguridade nas praias do concello.

Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local, propono a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a 2ª prórroga do contrato suscrito coa empresa 'SERVISUB BUEU SL', para a prestación do servizo de balizamento de praias desde o 10.06.2018 ata o 09.06.2019.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico".

Expediente 2844/2017. C-16/03.- Proposta de prórroga do contrato de servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 04.05.2018, referente a proposta de prórroga do contrato do servizo de prestación de riscos laborais e vixilancia da saúde, que é como segue:

"Visto o contrato asinado o día 10.05.2016 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria 'TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL', para a prestación do 'servizo alleo de prevención de riscos laborais nas especialidades de seguridade no traballo, hixiene



industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada e vixilancia da saúde-medicina do traballo', cuxo prazo de execución é de dous anos susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.

Visto o informe emitido o día 03.05.2018 polo técnico municipal F. F. G. cuxo contido é o seguinte:

'En resposta á súa solicitude, referente a que se emita informe relativo ao servizo que ven prestando a empresa 'TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL', contratada polo Concello de Cangas como servizo de prevención alleo (SPA), comunicamos que a citada empresa ven desenvolvendo o traballo pactado con normalidade e sen incidencias que destacar.

Neste sentido, cómpre destacar que as melloras ofertadas pola empresa ou ben xa foron cumpridas ou ben están programadas e se están a realizar nestas datas, tendo previsto o seu remate ao longo do mes de maio. En todo caso, indicamos que a empresa adaptouse ao calendario e aos requirimentos propostos desde o Concello de Cangas. Nalgún caso a empresa vai realizar ademais algunha actividade non contemplada na súa oferta, en particular un segundo curso de formación para traballos en altura.

Respecto da vixilancia da saúde, indicamos que entre finais de 2016 e principios de 2017 se lle ofreceron os recoñecementos médicos á totalidade do persoal de Concello, realizándoo todos os traballadores/traballadoras municipais que manifestaron o seu interese, quedando unicamente os que manifestaron a súa renuncia a realizalo. Na actualidade estamos a realizar unha segunda quenda de recoñecementos médicos, iniciada a finais do ano pasado, tendo programados recoñecementos para este mes e o seguinte. A fin de facilitar a organización e seguimento destes, os recoñecementos ofrécense por departamentos ou servizos, dándolle prioridade a aqueles que teñan postos de traballo cun maior risco.

Así mesmo, segundo as necesidades do Concello, se realizaron recoñecementos médicos do persoal con contratos temporais (contratos subvencionados pola Deputación, contratados dirixidos ás persoas perceptoras da RISGA, persoal de limpeza de edificios das listas de substitucións, persoal contratado da lista de limpeza de praias, socorristas, etc.). Nestes días ofreceremos os recoñecementos médicos ao persoal de nova incorporación que se contrate ao abeiro da subvención da Deputación.

De acordo co exposto, tendo en conta o funcionamento amosado pola citada empresa ata o día de hoxe, informo favorablemente acerca da prórroga do mencionado contrato asinado con 'TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL'.

Polo exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Prorrogar o contrato subscrito coa empresa 'TAPREGA PREVENCIÓN DE



Concello de Cangas

RIESGOS SL', para a prestación do 'servizo alleo de prevención de riscos laborais nas especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada e vixilancia da saúde-medicina do traballo' desde o 10.05.2018 ata o 09.05.2019.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como ao responsable do contrato".

Expediente 2840/2017. C-15/10.- Proposta de aprobación da 2ª prórroga do contrato do servizo de limpeza do centro sociocomunitario

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0	
	A favor	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS
	En contra	---
	Abstencións	MARIANO ABALO COSTA
	Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 04.05.2018 do concelleiro de servizos sociais, sanidade e igualdade, referente a aprobación da 2ª prórroga do contrato do servizo de limpeza do centro sociocomunitario, que di o seguinte:

"Visto o contrato asinado o día 10.06.2015 coa empresa 'MULTISERGA SL', para a prestación do servizo de limpeza do centro sociocomunitario do Concello de Cangas con vixencia desde o día 15.06.2015.

Visto que a duración inicial era de 2 anos sendo susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.

Sendo este un servizo necesario para garantir a limpeza e salubridade do dito edificio municipal, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a 2ª prórroga do contrato suscrito coa empresa 'MULTISERGA SL', con para a prestación do servizo de limpeza do centro sociocomunitario dende o 15.06.2018 ata o 14.06.2019.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico".

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 724/2018. Licenza de primeira ocupación (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 724/2018.- EXPEDIENTE Nº 21.658.- LICENZA Nº 20.996.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a A. S. G., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Moaña, nº 18-1º-Cangas, para vivenda unifamiliar sita en rúa Outeiro, nº 1-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal nº 20.996, visto o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal do PEPRI con data 27 de abril de 2018 e o informe da xefa do servizo de data 14 de maio de 2018.

Expediente 4509/2017.- Proposta da Alcaldía para aprobación de acta de recepción da obra de "Restitución de escaleira na subida á rúa Buenos Aires" (POS 2017-LIÑA 1-INVESTIMENTOS) (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 15.05.2018 da Alcaldía, refernete a aprobación de acta de recepción da obra "Restitución de escaleira na subida a rúa Buenos Aires", que é como segue:

"PROPOSTA

Aprobación acta de recepción da obra de 'Restitución de escaleira na subida a rúa Buenos Aires' (POS 2017-LIÑA 1-INVESTIMENTOS).

Levada a cabo a obra de 'Restitución de escaleira na subida a rúa Buenos Aires' polo empresa adxudicataria 'PEDRAS DE ALDÁN SLU', nos termos da oferta presentada (oferta 2017-E-RC-9552).

Vista a acta de recepción da subministración sinalada asinada pola directora de obra, o técnico municipal e o contratista adxudicatario.

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a acta de recepción da obra de 'Restitución de escaleira na subida a rúa Buenos Aires', asinada en data do 5 de decembro de 2017, pola directora da obra e arquitecta técnica municipal, M. I. M. F., polo funcionario en representación do Concello e arquitecto municipal, A. L. P. e pola empresa adxudicatara, B. R.l O.

Segundo.- Facer constar que o material a que se refire a acta de recepción causa alta no correspondente inventario de bens do Concello.

Terceiro.- Dar traslado do acordo que se adopte a contratación, oficina técnica, intervención, subvencións e expediente de inventario de bens do Concello".

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 1821/2018. Proposta do concelleiro de participación veciñal, transparencia e asociacionismo de inicio de procedemento de contratación do servizo de subministración de equipos informáticos para a Casa de Oficios (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 14.05.2018 do concelleiro de participación veciñal, transparencia e asociacionismo, para inicio do procedemento de contratación do servizo de subministración de equipos informáticos para a Casa de Oficios, que é como segue:

"Vista a necesidade de renovar e actualizar os equipos informáticos da Casa de Oficios 'Lorenzo Corbacho', sita na Avenida de Bueu, nº 15-1º, e logo de recibir un primeiro presuposto para valorar a contía da subministración do total de equipos, por importe superior a trece mil euros (13.000,00 €).

Vista a circular nº 1/2018 sobre 'A contratación pública á luz da Lei 9/2017', de entrada en vigor o día 9 de marzo de 2018, onde se indica que teñen consideración de contrato menor conforme á nova regulación, os contratos de subministracións ou servizos, cando o valor estimado sexa inferior a quince mil euros (15.000,00 €) (artigo 118.1 da LCSP).

Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo de subministración de equipos informáticos para a Casa de Oficios.

Segundo.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- Que por secretaría e intervención se emitan os informes preceptivos".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos



Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850